

INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS DESEMPREGADAS PERTENCENTES A COLECTIVOS DESFAVORECIDOS, VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.

Obxeto: Axudar mediante un pagamento único a aqueles traballadores que, entre o 1 de setembro e ata o 31 de agosto de 2010 se acollan a unha redución da xornada laboral de ata un máximo da metade da súa duración para o coidado dun/dunha fillo/a menor de 3 anos, ou menor de 12 anos con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Beneficiari@s:

- a. HOMES TRABALLADORES POR CONTA ALLEA, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario e os socios das sociedades cooperativas, sempre que estes últimos pertencen ao réxime xeral da Seguridade Social, que se acollan á redución de xornada.
- b. FAMILIAS MONOPARENTAIS nas que a persoa solicitante, home ou muller, sexa traballadora por conta allea e se acolla á redución de xornada.

Requisitos:

- o Estar empadroados en calquer municipio de Galicia, polo menos un ano antes da solicitude.
- o No caso das familias non monoparentais, o outro membro da familia deberá ser traballadora por conta allea ou ben autónoma, e manter esa situación durante todo o período subvencionado.
- o Que na data da solicitude o/a fillo/a conviva coa persoa solicitante.
- o Que o período solicitado non coincida co permiso por maternidade nin con calquera outro permiso, licenza ou excedencia para a mesma finalidade.

Cuantía e duración das axudas:

- o A contía da axuda, de pagamento único, estará en función da porcentaxe de redución da xornada laboral que se solicite e da duración de esta, que será como máximo de 8 meses.
- o A axuda poderá concederse por unha redución de xornada dun máximo de 8 meses ininterrompidos e un mínimo de 60 días naturais ininterrompidos.
- o Cando a redución de xornada se solicite por un período inferior aos 8 meses ou no caso de que a persoa non estea contratada a xornada completa, as contías reduciranse proporcionalmente.
- o Para o cálculo da contía teranse en conta unicamente as fillas e fillos menores de 12 anos, agás no caso daquel polo que se solicita redución de xornada.

Prazo de presentación de solicitudes: 31 de agosto de 2010

Máis información:

- _ DOGA nº 81 do venres 30 de abril de 2010
- _ Centro de Información á Muller do Concello de Soutomaior (Centro Multiusos de Arcade)

En Arcade a 5 de maio de 2010
Atentamente, a Traballadora Social do CIM